



CONVOCATORIA DE ELECCIÓNS Á XUNTA DE GOBERNO DO COLEF GALICIA

Reunida a Xunta de Goberno do COLEF Galicia, en uso das atribucións que lle confire o artigo 26º dos Estatutos vixentes e coa antelación necesaria á expiración do seu mandato, acorda convocar Eleccións para prover os cargos da Xunta de Goberno para os catro próximos anos.

As Eleccións celebraranse o 11 de outubro de 2019 e o proceso realizarase de acordo co exposto no Título IV, Capítulo II, Sección segunda dos Estatutos do COLEF Galicia, sobre a elección e cesamento dos cargos da Xunta de Goberno.

DATOS BÁSICOS

DATA	11 de outubro de 2019
LUGAR	Edificio FEUGA. Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n. Campus Vida
HORARIO	De 16:00 a 21:00 horas

INFORMACIÓN SOBRE OS CARGOS A ELIXIR

CARGO	REQUISITOS	MANDATO
Presidencia	3 anos consecutivos como Colexiada/o exercente	4 anos
Vicepresidencia	2 anos consecutivos como Colexiada/o exercente	
Secretaría		
Tesourería		
Vicesecretaría		
4 Vogalías	Colexiado/a	

CALENDARIO ELECTORAL

- **Día 10/09:** envío da convocatoria a toda a colexiación, coa información necesaria sobre o proceso electoral. Exposición do censo na sede do COLEF Galicia, en horario de atención ao público (de luns a venres de 10.00 a 14.00 horas).
- **Do 11 ao 15/09:** presentación de reclamacións contra o censo electoral.



- **Do 16 ao 20/09:** a Xunta de Goberno resolverá sobre as reclamacións presentadas.
- **DO 11 AO 25 DE SETEMBRO:** PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS.
- **Do 26/09:** exposición das candidaturas no taboleiro de anuncios do Colexio.
- **Do 27/09 ao 01/10:** formulación de reclamacións ou impugnacións contra as candidaturas.
- **Do 02 ao 06/10:** a Xunta de Goberno resolverá as impugnacións ou reclamacións presentadas.
- **Do 07 ao 08/10:** notificación aos interesados da resolución das impugnacións ou reclamacións.
- **Día 07/10:** proclamación dos candidatos que reúnan os requisitos esixidos, e publicación.
- **Día 11/10:** celebración das eleccións.

VOTO POR CORREO

Solicitarase do **10/09 ao 06/10**, segundo o recollido no artigo 36 dos nosos Estatutos:

- a) *O elector solicitará da secretaría do Colexio, a partir da convocatoria e ata o quinto día anterior ao da votación, un certificado de inscrición no censo.*
- b) *A solicitude deberá formularse persoalmente ou por medio dunha persoa debidamente autorizada para representalo.*
- c) *O Secretario do Colexio comprobará a identidade do solicitante e, de ser o caso, a do representante, así como a autenticidade da representación e, logo de comprobar a inscrición no censo, expedirá o certificado solicitado, realizando a anotación correspondente, co fin de que o día das eleccións non se realice o voto persoalmente.*
- d) *Tan pronto como estivesen dispoñibles, o Secretario do Colexio remitiralle ao elector ao domicilio por el indicado ou, no seu defecto, o que figure no censo, as papeletas e os sobres electorais xunto co certificado mencionado no apartado anterior.*
- e) *O elector introducirá a papeleta de voto cuberta no sobre de votación e pecharao. Incluirá o sobre de votación e o certificado no sobre dirixido á Mesa, e remitirallo por correo certificado.*
- f) *O Secretario do Colexio conservará ata o día da votación toda a correspondencia electoral e trasladaraa á Mesa electoral á hora en que teña lugar o comezo das votacións. Así mesmo, seguirá dando traslado da que poida recibirse ata finalización das votacións.*

Asdo.: Alexandre Fernández Fernández
Secretario do COLEF Galicia

